



Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela

**Memoria
2002**

Aprobada na Comisión da BUSC de 28 de maio de 2003

ÍNDICE

Presentación	1
Presuposto	3
Persoal	6
Instalacións e equipamento.....	9
Desenvolvemento das coleccións	10
Base de datos bibliográfica.....	16
Servicios.....	18
Redes e cooperación.....	27
Anexo estatístico.....	29

PRESENTACIÓN

A modo de resume do traballo desenvolvido na Biblioteca Universitaria durante 2002 pódense destacar algúns aspectos nos seguintes apartados:

◆ Instalacións

O feito máis salientable canto das instalacións é o remate e entrega, logo dun considerable retraso, do novo edificio da Biblioteca Concepción Arenal. Ó longo do ano 2002 levouse a cabo o amoblamento e equipamento da Biblioteca que iniciou o seu traslado no mes de decembro e comezou a funcionar en xaneiro de 2003. Estas novas instalacións, coa totalidade da colección en libre acceso, supoñen unha importante mellora respecto das antigas da Biblioteca Intercentros de Dereito Políticas e Relacións Laborais, ubicada na planta baixa da Facultade de Dereito cos depósitos repartidos por todo o edificio.

◆ Presuposto

O presuposto da BUSC sufriu unha forte baixada respecto do ano anterior (-27.05%), xa que ó non terse aprobado o presuposto xeral da Universidade para 2002, produciuse unha prórroga automática do presuposto de 2001. No Capítulo 6 (Adquisicións bibliográficas e Equipamento) a prórroga soamente foi do 74% (-26% respecto a 2001), agás no apartado de adquisición de publicacións periódicas que baixou un 30.15%. No Capítulo 2 (Gastos en bens correntes e servicios) a prórroga foi do 100%.

◆ Cooperación

En 2002 comezou o Proxecto de Dixitalización e Conservación do Patrimonio Bibliográfico do Fondo Antigo da Biblioteca Universitaria de Santiago, en virtude dun convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, asinado en maio.

Este proxecto é a concreción dun plano no que viña traballando a Dirección da BUSC dende finais do ano 2000, xa que o interese que o fondo histórico da Biblioteca ten para estudos particulares e liñas de investigación dos departamentos universitarios, tanto do sistema universitario de Galicia como para os investigadores externos; o evidente valor deste fondo para a historia da ciencia e da cultura en xeral, pero moi especialmente no que atinxe á Comunidade Autónoma Galega; e a importancia histórica e patrimonial do fondo que a propia lexislación obriga a controlar e conservar, facían evidente a necesidade de establecer e levar a cabo un plano sistemático canto do seu tratamento, conservación e difusión, cos medios que na actualidade permite a utilización das novas tecnoloxías.

◆ Catálogo

En decembro de 2002 comezou un novo servizo no catálogo en web da Biblioteca Universitaria:

Novidades no Catálogo, que ofrece unha lista, ordenada alfabeticamente, das obras ingresadas na BUSC nos últimos 30 días. Este subproduto do catálogo, desenvolvido xunto coa empresa SABINI, xorde da necesidade de subministrar ós usuarios, dun xeito axil e inmediato, información actualizada sobre as últimas adquisicións realizadas polas diferentes bibliotecas.

◆ **Automatización**

Respecto da automatización, destaca-la finalización da automatización do catálogo da Biblioteca Concepción Arenal que quedou rematada en abril de 2002. Deste xeito só resta a automatización dos rexistros do fondo antigo, e das coleccións de folletos e mapas da Biblioteca Xeral (en total uns 60.000 rexistros), especialmente significativa para as áreas de humanidades e ciencias sociais.

◆ **Acceso ó documento**

Neste apartado produciuse a posta en funcionamento dun único punto de servizo de Préstamo Interbibliotecario logo da fusión dos dous puntos existentes anteriormente na Biblioteca Xeral e na Biblioteca da Facultade de Medicina.

PRESUPUESTO

Para a análise do presuposto da Biblioteca Universitaria no ano 2002 hai que ter en conta a circunstancia de que non se aprobou o presuposto anual da Universidade para ese ano polo que se produciu unha prórroga automática do presuposto do ano anterior.

Na *Instrucción de Prórroga do Presuposto para o ano 2002*, emitida polo Rectorado, no seu título 8º *Prórroga dos créditos asignados no capítulo 6 ás Bibliotecas*, se dí: "O crédito do que poderán dispoñer será o remanente do exercicio 2001, ó cal se lle sumaría, con posterioridade, a cantidade que reparta o Vicerrectorado de Investigación e que non poderá superar para o conxunto das Bibliotecas o 74% do crédito distribuído para libros en 2001. Para adquisición de publicacións periódicas o crédito do que se poderá dispoñer é de 1.322.226,63€". O Capítulo 2: Gastos en bens correntes e servicios queda establecido na mesma contía que en 2001.


Así, o presuposto da BUSC para o ano 2002 ascendeu a 2.200.786,12 €. , o que supón unha diminución global do 27,05% respecto do ano 2001.

Na seguinte táboa reflíctese a distribución por capítulos, e a relación porcentual respecto do ano 2001:

Capítulo 2	Aplicación 220	180.303,63 €	0%
Capítulo 6	Aplicación 627: Adquisición Libros	644.885,99 €	-26%
	Aplicación 627: Adquisición Publicacións Periódicas	1.322.226,63 €	-30,15%
	Aplicación 626	53.369,87 €	-26%
Total		2.200.786,12 €	-27,05%

É de destacar a forte diminución da Aplicación 627: Adquisición de Publicacións Periódicas, que xa non permitira facer fronte ó pago do custo anual de subscrición dos títulos que conforman a actual colección da BUSC no ano 2001. A cantidade asignada para 2002, 1.322.226,63 € supoñía soamente o 58,37% do custo total das revistas que ascendeu a 2.265.283,43 € (subida dun 9.97% respecto ó custo de 2001).

No seguinte gráfico pode verse a evolución do presuposto ordinario destinado a adquisicións bibliográficas durante os últimos cinco anos. Tamén establece a comparación entre o presuposto destinado a publicacións periódicas e o custo real anual das subscricións. Hai que sinalar que a "case" equiparación entre os dous no ano 2000 débese a que a Biblioteca Universitaria non houbo de pagar as subscricións á meirande parte das bases de datos que, dende ese ano, adquire o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.



Como en anos anteriores os créditos ordinarios incrementáronse con diversas aportacións:

Aportacións para a adquisición de materiais bibliográficos

Axudas Infraestrutura Xunta de Galicia	58.822,89 €
Axudas Ministerio Ciencia y Tecnología	59.918,21 €
Aportacións de Centros	79.844,42 €
Aportacións de Departamentos e Proxectos	195.675,61 €
Descontos en librerías	4.417,88 €
Total	398.679,01 €

Aportacións en equipamento e mantemento

Aportacións de Centros	23.738,48 €
Ingresos por servizos	168.377,79 €
Total	192.116,27 €

No apartado estatístico incluído ó final desta memoria pódense ver pormenorizadamente estas aportacións por centros.

Un ano máis os centros e departamentos que fixeron aportacións máis significativas para adquisicións bibliográficas foron, por esta orde: Filoloxía (36.070,00 € a Facultade e 65.451,16 € os Departamentos), Dereito (68.111,84 € os Departamentos) e Xeografía e Historia (26.609,59 € os Departamentos e 21.500,00 € a Facultade).

Do ano 2001 quedou un remanente do presuposto para adquisición de libros de 25.589,10 €. Sumado ó presuposto e ás aportacións, a cantidade total resultante no ano 2002 para adquisicións bibliográficas foi de 3.334.437,53 € (+1.17% respecto de 2001). Este aumento explícase pola maior cantidade de aportacións recibidas, incluíndo o suplemento necesario para o pago das subscricións de publicacións periódicas.

A cantidade total dedicada a mantemento foi de 298.607,17 €, e a adicada a equipamento de 127.182,61 €. Con respecto a estes dous apartados, hai que destacar, un ano máis, que gracias ás aportacións dos Centros e ós ingresos por servizos, se puido facer fronte ós gastos habituais e ás necesarias renovacións e substitucións por deterioro dos equipamentos informáticos da Biblioteca Universitaria, e sobre todo á adquisición de equipos e materiais para a nova Biblioteca Concepción Arenal.

O reparto do presuposto ordinario, ó ser este unha prórroga do do ano anterior, non sufriu variacións respecto de 2001.

Nos presupostos para a adquisición de publicación unitarias (libros), volveron a producirse remanentes nalgúns centros, aínda que só en un deles supón máis dun 10% do presuposto, que é a proporción establecida pola Xunta de Goberno, a proposta da Comisión de Biblioteca Universitaria, para que os remanentes se incorporen ó presuposto ordinario da BUSC do vindeiro ano. Os centros con remanentes destacables son os seguintes:

Veterinaria: 4.706,00 € (23.49% do presuposto)
Escola Politécnica Superior: 2.501,00 € (8.47% do presuposto)
Ciencias: 802,00 € (6.21% do presuposto)
Medicina: 1.413,54 € (5.56% do presuposto)
Administración e Dir. De Empresas: 797,00 € (4.05% do presuposto)
Humanidades: 767,00 € (3.75% do presuposto)

PERSOAL

No mes de abril de 2002 resolveuse o concurso de méritos para a provisión de postos de traballo da Universidade correspondentes ós grupos A, B, C e D (convocado por resolución rectoral do día 18 de abril de 2001), no que saían 7 vacantes da área de Bibliotecas, co seguinte resultado de adxudicación de postos:

- Subdirección de Coordinación, Biblioteca Universitaria: Dna. Marta Abad López.
- Xefatura da Sección Servicos, Biblioteca Universitaria: Dna. Celia Couce Cachaza.
- Dirección da Biblioteca da Facultade de CC. da Información: Dna. Juana López-Anglada Pérez.
- Xefatura do Negociado de Fotodocumentación, Biblioteca Xeral: D. Javier del Valle-Inclán Alsina.

A adxudicación de postos na fase de resultas quedou como segue:

- Xefatura de Proceso Técnico, Biblioteca Universitaria: Dna. Paloma Castro Rey
- Xefatura do Negociado de Publicacións Periódicas, Biblioteca Xeral: Dna. M^a Isabel Casal Reyes
- Axudante Biblioteca, Biblioteca Xeral: Dna. Clara Pérez Zalama

Posteriormente, mediante unha permuta coa Universidad de Málaga, Dna. Clara Pérez Zalama incorporouse a esa universidade, vindo no seu lugar: Dna. Felisa Díez Lobato.

En abril, fíxose efectiva a proposta de plantilla, aprobada en xuño de 2001, da Biblioteca Concepción Arenal, quedando como segue:

BIBLIOTECA CONCEPCIÓN ARENAL	
POSTO DE TRABALLO	DOTACIÓN
Dirección Biblioteca	1
Xefe Oficina de Xestión da Colección	1
Xefe Oficina de Servicos	1
Axudantes de Biblioteca	2
Posto base (Administrativo)	1
Auxiliar Técnico de Bibliotecas	6
Auxiliar de Servicos	2

Tamén, a Biblioteca da Facultade de Física foi dotada cunha nova praza de Axudante de Biblioteca, posto base.

A finais de 2002 a BUSC contaba co seguinte persoal:

PERSOAL DA BUSC - ANO 2002

Escala de Facultativos de Bibliotecas	12
Técnico de Documentación Informatizada (Lab. Gr. I)	1
Escala de Axudantes de Bibliotecas	58
Auxiliares Administrativos	6
Auxiliares Técnicos de Bibliotecas (Lab. Gr. IV)	107
Porteiros Maiores	2
Auxiliares de Servicios. Área de Conserxería (Lab. Gr. V)	2
TOTAL	188

Neste cómputo inclúese o persoal contratado a tempo parcial para ampliacións horarias da Biblioteca nos sábados e domingos, e o persoal contratado a tempo parcial para a apertura nocturna en períodos de exames.

A distribución do persoal que desenvolveu as súas tarefas na BUSC en 2002 por puntos de servizo, incluíndo as xornadas parciais, é a seguinte:

Centro	Facultivos	Axudantes	Admin.	Aux. Tco.	Sab./Dom/ Nocturna	Conserxería	Tco.Doc.	TOTAL
BUSC	5						1	6
B. Xeral	2	15	5	13	4	3		42
Bioloxía		2		4				6
Económicas		3		6				9
Dereito, Pol.		5		7	4			16
Farmacia	1	1		4				6
Filoloxía	1	4		6	1			12
Filosof., CC. Ed., Psi	1	6		7				14
Física e Óptica		2		4				6
X ^a - H ^a		5		6	1			12
Matemáticas		2		4				6
Medicina	1	2		5				8
Química		2		4				6
Enfermería				2				2
CC. Información		2		4				6
Intercentros Lugo	1	6	1	11	7	1		27
Maxisterio		1		3				4
Totais	12	58	6	90	17	4	1	188

No ano 2002 prestou servizo na BUSC 1 Técnico Especialista en Informática contratado en virtude dos programas I+D da Xunta de Galicia.

Así mesmo, en virtude dun programa de cooperación entre a Universidade de Santiago e a Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia, a Biblioteca contou coa colaboración de 5 becarios (3 na Biblioteca Xeral e 2 na Biblioteca de Filoxía), e polo Programa Labora: Xuventude con Experiencia, da mesma Consellería, con 4 traballadores na Biblioteca Xeral.

Igual que nos anos anteriores, a formación continuada do persoal da BUSC centrouse, fundamentalmente, dentro do Plano de Formación da USC desenvolvido pola Xerencia. A área de Bibliotecas estivo representada, dentro da Comisión de Formación deste Plano, pola Dirección da BUSC, e enmarcados nel realizáronse 3 cursos específicos nesta área no ano 2002:

- Sistemas de Información nas Bibliotecas.
- Manipulación, Servizo e Mantemento de Materiais Bibliográficos
- Xornada de Formación sobre Bases de Datos Documentais de DIALOG

Tamén houbo participación do persoal da BUSC noutros cursos de carácter xenérico, e dentro do programa de formación do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, persoal da BUSC participou nas xornadas de formación sobre as seguintes bases de datos: Sabi e Amadeus, La Ley, ProQuest, Aranzadi, SFX e Ovid.

INSTALACIÓN E EQUIPAMENTO

O único feito salientable respecto das instalacións bibliotecarias no ano 2002 foi o remate e entrega do novo edificio da Biblioteca Concepción Arenal. O traslado realizouse no mes de decembro e a biblioteca comezou a funcionar nas novas instalacións no mes de xaneiro de 2003.

A Biblioteca queda así ubicada nun edificio propio que ten unha superficie de 7.646 m² (4.946 m² máis que nas antigas instalacións) e se resolve en seis andares configurados en dúas áreas diferenciadas: unha dirixida ós alumnos de 1º e 2º ciclos situada nos sotos -1, -2 e -3, con 900 postos de lectura; e outra dirixida á investigación, nos andares 1 e 2, con 49 cabinas para investigadores e 29 postos de lectura individuais, sumando un total de 978 postos (250 máis que no outro edificio). O andar 0 (planta de acceso) actúa como elemento separador destas dúas áreas, e nela se atopan a Dirección, Administración, Conserxería, Servicio de Préstamo e zona de descanso.

A Biblioteca conta con 9 terminais para acceso ó catálogo automatizado (Capel), lectores de microforma, fotocopiadoras e 3 PCs para acceso a Internet e consulta das bases de datos.

As coleccións están na súa totalidade en libre acceso e comprenden máis de 118.000 volumes e 1.180 títulos de revistas en curso, distribuídos nun total de 8.052 m. lineais de estanterías (2.752 m. máis que na antiga biblioteca), correspondendo 5.843 deses metros a estanterías compactas que ocupan a totalidade do andar 2.

No que se refire a equipamento, a meirande parte da partida presupostaria para o ano 2002 da BUSC e os ingresos por servizos, adicáronse a adquisición de equipos e material para a nova Biblioteca Concepción Arenal e á reposición de equipamento informático deteriorado ou obsoleto.

Ademais, se continuou coa instalación de estanterías compactas no 5º depósito da Biblioteca Xeral (450 m. lineais) e estanterías estándar no 1º depósito (160 m. lineais).

Renovouse o mobiliario da sala de lectura da Biblioteca Xeral coa adquisición de 34 mesas de lectura (4 postos por mesa) e 40 postos de lectura dobres, facendo un total de 216 postos de lectura.

Por último, mercáronse estanterías para o depósito da Biblioteca da Facultade de Filoloxía (1.053,6 m. lineais). Estas estanterías e parte do novo mobiliario da sala da B.Xeral adquiríronse cunha aportación presupostaria do Vicerrectorado de Asuntos Económicos.


DESENVOLVEMENTO DAS COLECCIÓNIS

No ano 2002 ingresaron na BUSC 30.678 títulos de monografías, un 8,02 % menos que en 2001.

Dos 30.678 títulos, 22.636 (14,53% menos que en 2001) adquiríronse co presuposto da BUSC ou de Departamentos, Proxectos de Investigación ou Centros (ver táboas no apartado de Presuposto). Por intercambios e doazóns ingresaron 8.042 títulos (17,07% máis que o ano anterior).

A distribución destes ingresos por bibliotecas pode verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	MONOGRAFÍAS			
	Compra	Intercambio	Doazón	TOTAL
B. Xeral	3.488	400	1.256	5.144
Bioloxía	285	108	88	481
Económicas	1.175	178	595	1.948
Der, Pol, R.L.	2.248	156	234	2.638
Farmacia	261	27	243	531
Filoloxía	2.285	320	443	3.048
Fª, Cc. Educ. Psicol	3.474	123	385	3.982
Física Óptica	448	49	44	541
Xeografía e Historia	3.344	304	521	4.169
Matemáticas	595	0	0	595
Medicina	289	65	110	464
Química	546	36	35	617
Intercentros	2.448	59	568	3.075
CC. da Información	1.262	11	1218	2.491
Maxisterio - Lugo	339	5	85	429
Enfermería	145	10	9	164
Observatorio	3	0	10	13
ICE	1	4	343	348
TOTAIS	22.636	1.855	6.187	30.678



Coas Axudas da Xunta de Galicia adquiríronse 91 títulos de monografías e publicacións periódicas, o que supón un 18,01% menos que en 2001.

A Biblioteca Xeral seguiu coa política de conseguir coleccións exhaustivas de fondos galegos, adquirindo, entre outras, as seguintes obras:

Alvarez Blázquez, Xosé María (1915-1985)

Berro en lembranza dos herois de Carral : (verbas ditas na F.M.G. de Pontevedra no 88 anal dos mártires de Carral) / Xosé M^a Alvarez Blázquez ; [Ilumiar, Xosé Sesto López]. -- Pontevedra : Federación de Mocidades Galeguistas, 1934

14 p. ; 17 cm

00 GA-GA.FOLL-321/19 R.173971 01095019

ANTOLOGIA / Gertrudis Gómez de Avellaneda y Rosalía de Castro ; prólogo y selección de Fernando Gutiérrez. -- Barcelona : Montaner y Simón, 1945

XL, 188 p. ; 12 cm

00 GA-GA-33088 R.175391 00993387

Colmeiro, Miguel (1816-1901)

Diccionario de los diversos nombres vulgares de muchas plantas usuales ó notables del antiguo y nuevo mundo, con la correspondencia científica y la indicación abreviada de los usos e igualmente de la familia a que pertenece cada planta : complemento del curso de botánica / por el doctor Miguel Colmeiro. -- [Madrid? : s.n., 1871?] (Madrid : Imprenta de Gabriel Alhambra, 1871)

235 p. ; 24 cm
00 GA-GA-33070 R.175356 00993145

Horacio Flaco, Quinto

[Odas. Español]

Odas de Horacio / traducidas en verso castellano por Felipe de Sobrado. -- [A Coruña? : s.n., 1813?]
(Coruña : En la Caxa Typografica, 1813)

233 p. ; 14 cm
00 00FA-30104 R.173819 00992705

INFORME ajustado del hecho y derecho de la causa, sobre que se formó competencia de jurisdicción, por el licenciado Don Diego de Cossio Bustamante y de la Vega, abogado de los Reales Consejos, Corregidor por Su Magestad de la Villa de Vivero con el capitan general Conde de Palma.... -- [España? : s.n., 1693?]

8 f. ; 30 cm
No final do texto: Vivero, y agosto 24 de 1693
00-30111 R.175393 00993390

Pardo Bazán, Emilia, Condesa de (1851-1921)

Los Franciscanos y Colón / conferencia de la Sra. Emilia Pardo Bazán. -- [Madrid? : s.n., 1892?]
(Madrid : Establecimiento Tipográfico "Sucesores de Rivaneyra", 1892)

30 p. ; 25 cm
Precede ó título: Ateneo de Madrid
Na portada: leída el día 4 de abril de 1892
00 GA-GA-33077 R.175363 00993152

Pardo Bazán, Emilia, Condesa de (1851-1921)

El Príncipe amado : cuento / Emilia Pardo Bazán. -- [Madrid? : s.n., 1884?] (Madrid : Enrique Teodoro, impresor, 1884)


27 p. ; 19 cm. -- (Biblioteca de la madre y el niño)
00 GA-GA-33123 R.175483 00993436

SANTIAGO de Compostela. -- [Galicia? : s.n., 19--?] (Barcelona : Talleres de Hermenegildo Miralles)

24 p. : principalmente litografías ; 28x35 cm
Título tomado da cuberta
00 GA-FOLL.S-74 R.173966 01095016

A distribución, durante 2002, das coleccións de publicacións periódicas pagadas co presuposto da BUSC, pode verse na táboa e gráfico seguintes:

CENTRO	PUBLICACIÓNS PERIÓDICAS					
	Pechadas	Abertas			TOTAL	
	Títulos pechados	Compra	Doazón	Interc.	Total Abertas	Abertas Pechadas
B. Xeral	9.423	86	312	124	522	9.945
Bioloxía	690	130	41	187	358	1.048
Económicas	1.584	382	336	76	794	2.378
Der, Pol, R.L.	1.971	848	413	97	1358	3.329
Farmacia	1.088	228	120	56	404	1.492
Filoloxía	846	587	117	229	933	1.779
Fª, Cc. Educ. Psicol	965	443	126	230	799	1.764
Física Óptica	319	198	17	8	223	542
Xeografía e Historia	1.301	397	106	287	790	2.091
Matemáticas	199	268	17	45	330	529
Medicina	1.751	315	102	9	426	2.177
Química	519	189	15	10	214	733
Intercentros	728	389	144	153	686	1.414
CC. Información	169	71	234	9	314	483
Maxisterio - Lugo	110	76	32	8	116	226
Enfermería	44	20	5	0	25	69
Observatorio	306	20	28	0	48	354
ICE	238	47	42	4	93	331
TOTAIS	22.251	4.694	2.207	1.532	8.433	30.684



Gracias a unha axuda económica da Secretaría de Estado de Universidades, subscribíronse as edicións electrónicas de 189 títulos que a BUSC recibe en papel.

No referente á restauración de fondos históricos, fíxose intervención en 112 obras. As catro seguintes inclúense como exemplo:

Justiniano, Emperador
Argumentum Institutionum Imperialium
Parisius, 1524



Collenuccio, Pandolfo
Compendio dele Historie del regno di Napoli composto da messer Pandolfo Collenuccio iuris
Venetia, 1543



Colonna, Francesco
Hypnerotomachie, ou Discours du songe de Poliphile, dédui'sant comme amour le combat á l'occasion de
Polia, traduit de l'italien, et mis en lumière par J. Martin
Paris, 1561



Fuller, Thomas
Pharmacopoeia Extemporanea sive Praescriptorum Chilias
Venetis, 1776



BASE DE DATOS BIBLIOGRÁFICA

A base de datos bibliográfica da BUSC continúa a incrementarse coa incorporación dos rexistros das novas adquisicións e da automatización de catálogos manuais.

Polo que respecta ó catálogo de monografías, tivo un incremento respecto do ano 2001 de 44.999 rexistros bibliográficos e 54.065 rexistros de exemplar. A finais de abril de 2002 rematou a derradeira fase da reconversión e recatalogación dos fondos bibliográficos da Biblioteca Intercentros das Facultades de Dereito, Políticas e E.U. de Relacións Laborais. Como resultado destes traballos incorporáronse á base de datos da BUSC un total de 10.889 títulos.

Canto das publicacións periódicas, os novos rexistros bibliográficos (1.140 en 2002) se deben a modificacións, feitas polos editores, de títulos de revistas das coleccións que subscribe a BUSC e algunhas novas adquisicións por doazón, xa que dende hai uns anos non se está a producir incremento no número de subscricións.

A finais de 2002 o catálogo de revistas contaba con 32.251 rexistros correspondentes a 32.898 coleccións, incluíndo revistas en curso e pechadas. Destas coleccións, 5.951 son de fondos galegos, que inclúen as que están depositadas na Biblioteca Xeral ingresadas por Depósito Legal (2.705 a 31 de decembro de 2002).

O apartado estatístico, incluído ó final da Memoria, recolle os datos relativos a número de títulos e volumes por centro. Nas táboas seguintes se reflicte a composición actual da base de datos bibliográfica:

Catálogo Galicia

Nº DE TÍTULOS DE MONOGRAFÍAS	67.426
Nº DE VOLUMES	142.192
Nº DE ANALÍTICAS	95.066

Catálogo Xeral

Nº DE TÍTULOS DE MONOGRAFÍAS	548.825
Nº DE VOLUMES	814.122
Nº DE ANALÍTICAS	1508

Catálogo de Publicacións Periódicas

Nº DE TÍTULOS	25.322
Nº DE COLECCIÓN	32.898

Como xa se sinalaba na memoria do ano pasado, o sistema de construción da base de datos (reconversións de catálogos manuais elaborados en distintas épocas e con diferentes normas, catalogacións feitas por distintas empresas de servizos, elevada cifra de incrementos anuais de rexistros das adquisicións bibliográficas, etc.), producen fallos de homoxeneidade e coherencia na súa estrutura, fundamentalmente no que se refire ós puntos de acceso.

A corrección destas inconsistencias, que se ven realizando dende hai anos pola Sección de Procesos Técnicos, supón un traballo considerable e complicado o que levou á nova Xefatura da Sección á súa reorganización coa constitución, en outubro de 2002, dun grupo de traballo de autoridades formado por unha persoa de cada biblioteca. Este grupo centra o seu labor, fundamentalmente, no control das autoridades de persoa e entidade do Catálogo Galicia; o control periódico das autoridades de materia-tema e materia-lugar que se van incorporando á base de datos; e o seguimento dos cambios introducidos no repertorio de autoridades utilizado pola BUSC (*Répertoire des vedettes-matière*, de la Bibliothèque de l'Université Laval) ó que existe acceso en liña dende outubro de 2002.

No mes de decembro incorporáronse ós traballos de corrección de autoridades da base de datos 4 persoas contratadas dentro do marco do Programa Labora (ver apartado de Persoal), centrando a súa actividade na corrección das autoridades de escritores do Catálogo Galicia, contrastando coa base de datos os nomes recollidos por Couceiro Freijomil no seu *Diccionario bio-bibliográfico de escritores* e os recollidos no *Diccionario da Literatura Galega, V.I. Escritores*.

Finalmente, destacar que no proxecto de automatización de catálogos, elaborado pola BUSC en 1991 e no que se daba prioridade ós fondos das Bibliotecas de centro, en base ó nivel de control bibliográfico existente e a maior demanda de uso, rematouse a automatización do catálogo da Biblioteca Concepción Arenal, completándose así a reconversión das Bibliotecas de centro. Como xa se sinalou na memoria anterior, soamente resta, para concluír dito proxecto e contar cun catálogo automatizado completo da BUSC, o fondo antigo da Biblioteca Xeral de alto valor patrimonial e histórico e de grande interese para estudos particulares e liñas de investigación dos departamentos e investigadores, especialmente das áreas de humanidades e ciencias sociais.

SERVICIOS

En 2002 a BUSC continuou ofertando o servizo **SwetsnetNavigator** ata o mes de novembro en que foi substituído pola casa SwetsBlackwell polo novo servizo **SwetsWise**. O mesmo que o anterior, permite o acceso a unha base de datos de sumarios de case 18.000 títulos de revistas, e ó texto completo das revistas ás que a BUSC ten acceso, ben sexa gratuítu por estar subscrita a versión impresa, ben por ter subscrita a edición electrónica

As estatísticas de uso de SwetsnetNavigator, para o ano 2002, comprenden soamente dende xaneiro a outubro debido a problemas durante a migración ó novo sistema, e ofrecen os seguintes resultados: sobre un total de 3.139 títulos consultados fixéronse 18.960 accesos ós sumarios, 1.602 consultas de abstracts e 17.970 accesos ó texto completo de artigos.


SWETSNETNAVIGATOR			
Consultas	2000	2001	2002
	xuño-dec.	xan.-dec.	xan.-out.
Sumarios	9.179	20.736	18.960
Abstracts	985	3.478	1.602
Texto completo	5.871	16.198	17.970

Dado que SwetsnetNavigator/SwetsWise funciona a base de convenios cos editores, pode haber títulos, que a Biblioteca ten subscritos en soporte electrónico, que non se atopen nesta base de datos. Estes títulos seguen a ofertarse na Web no epígrafe **Servicio de Revistas Electrónicas** e durante 2002 foron un total de 1.401 (206 máis que en 2001) . Destes títulos a 864 (142 máis que o ano anterior) accedíase a través de SwetsnetNavigator/SwetsWise e a 537 (64 máis que en 2001) directamente cos editores (caso das ScienceDirect WebEditions de Elsevier) ou a través doutros servizos gratuítos de acceso a revistas electrónicas (CatchWord, Ingenta). A evolución do Servicio de Revistas Electrónicas pode verse na seguinte táboa:


SERVICIO DE REVISTAS ELECTRÓNICAS A TEXTO COMPLETO		
ANO	TOTAL TÍT. TEXTO COMPLETO	EN SWETSNET
1998	234	-
1999	408	-
2000	926	474
2001	1.195	722
2002	1.401	864

En 2002 continuou funcionando **servicio de bases de datos BUGalicia**. Dado que non tódalas bases teñen unha interface web ou versión Internet, aquelas das que o soporte é o CD ROM continúan instaladas e consultables na Rede de CD-ROMs da BUSC.

As estatísticas de uso destas bases, sumados os datos proporcionados polo Consorcio e os obtidos para os CDs instalados na rede da BUSC, ofrecen os seguintes resultados:




O seguinte gráfico amosa os datos das bases de datos do Consorcio con menos de 1.000 consultas:



Ademais das bases de datos adquiridas a través do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia, a Biblioteca Universitaria de Santiago mantén subscricións a outras bases que se atopan instaladas na rede de CDs da BUSC. As estatísticas do ano 2002 destas bases, corresponden unicamente ó período de xaneiro a outubro debido a problemas co servidor que provocaron a perda de datos do último trimestre do ano.

Os datos pódense ver no seguinte gráfico:



En 2002 continuou funcionando o **boletín electrónico de sumarios**, baseado no servizo SwetsnetNavigator/SwetsWise, que dá acceso a case de 18.000 títulos de revistas, permitindo envialos sumarios ó buzón de correo electrónico dos usuarios. A 31 de decembro de 2002 había 712 títulos diferentes co sumario subscrito, por 111 usuarios diferentes. Na seguinte táboa poden verse os títulos con máis de dúas subscricións:

TÍTULO	Nº subscrs.
Nature	9
Bulletin des Bibliothèques de France	6
Canadian Journal of Botany	4
Science of the Total Environment	4
Analytical Chemistry - Columbus	3
Annual Review of Psychology	3
Art History	3

Civitas - Revista Espanola de Derecho Administrativo	3
Documentation et Bibliothèques	3
Drug Development and Industrial Pharmacy	3
Harvard Studies in Classical Philology	3
Journal of Ecology	3
Journal of Pharmaceutical Sciences - New York	3
Mnemosyne	3
Pharmaceutical Research	3
Revista de Administracion Publica - Madrid	3
Revista Espanola de Documentacion Cientifica	3
Science : International Edition - AAAS	3
Veterinary Parasitology	3

O contador da páxina Web da BUSC, amosa que no ano 2002 houbo un total de 282.460 visitas. Na táboa seguinte poden verse os 25 primeiros países de onde proceden a maioría das visitas.

País	Nº visitas
España	397.009
Portugal	2.442
Estados Unidos	2.184
México	1.101
Alemania	760
Italia	759
Argentina	739
Inglaterra	696
Brasil	583
Francia	512
Chile	423
Venezuela	326
Colombia	305
Red	298
Perú	278
Países Bajos	185
Bélgica	165
Uruguay	124
Canadá	123
Suíza	116
Dinamarca	111
Bolivia	107
Noruega	86
Austria	75
Polonia	66

En decembro de 2002 púxose en marcha un novo servizo no catálogo en web da BUSC: **Novidades no Catálogo**. Este servizo ofrece unha lista, ordenada alfabeticamente, das obras ingresadas na BUSC nos últimos 30 días. O listado pode obterse da totalidade das novidades ou limitalo a unha biblioteca concreta.

O servizo de **préstamo a domicilio** serviu 397.609 volumes de monografías. Esta cifra supón unha baixa do 8,38% respecto de 2001. Sen embargo estes datos globais presentan diferencias significativas ó analizalos por centro, pois segue a haber centros con incrementos (B. Intercentros de Dereito, CC. Políticas e Rel. Laborais, B. da Escola de Maxisterio de Lugo, B. de Química, B. de Xornalismo, B. de Enfermería) e centros con baixas moi destacadas (B. Intercentros do Campus de Lugo, B. de Filoloxía, B. Intercentros de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía, B. de Matemáticas, B. de Medicina, B. de Económicas, B. de Física e Óptica, B. de Bioloxía, B. de Xeografía e Historia, B. Xeral, B. do ICE).

Esta tendencia á diminución do volumen de préstamo ven rexistrándose dende o ano 1998 e é común a tódalas Bibliotecas Universitarias españolas. As razóns desta diminución están na baixa dos presupostos de adquisición de materiais bibliográficos e do número de alumnos de 1º e 2º ciclo.

No seguinte cadro pode verse a evolución 1998-2002 por Centro. Os datos de préstamo 2002 se inclúen no anexo estatístico.

Centro	Diferencia 2002-1998 en %
B.Xeral	-32
Bioloxía	-25
Económicas	-34
Der., Pol., R. Lab.	-32
Farmacia	-1
Filoloxía	-23
Fil., CC. Ed., Psi.	-7
Física e Óptica	-32
Xeografía e H ^a	-22
Matemáticas	-36
Medicina	53
Química	12
Xornalismo	Sen datos de 1998
Enfermería	-1
ICE	-64
B. Intercentros Lugo	-15
Maxisterio Lugo	70
TOTAIS	-14,89

Igual que en anos anteriores, do **Servicio de Consulta en Sala** só se posúen datos sobre fondos en acceso pechado. O incremento da instalación en acceso directo das coleccións básicas do fondo de alumnos ou do conxunto das coleccións, cando esto é posible, non permite obter información sobre o número real de consultas en sala.

En total en 2002 se serviron 63.271 documentos, dos que 38.467 corresponden a libros, 22.248 a publicacións periódicas e 2.556 a outros tipos de material.

Tódalas bibliotecas prestan diversos **servicios de información bibliográfica**, aínda que a maioría non están en disposición de levar un control estatístico dos mesmos. Os datos das que sí contabilizaron este servicio durante 2002 son os seguintes:

- Biblioteca Xeral: 1.220 consultas demandadas e 1.204 resoltas
- Biblioteca Intercentros de Filosofía, Ciencias da Educación e Psicoloxía: 1.614 consultas demandadas e 1.560 resoltas
- Biblioteca de Química: 475 consultas demandadas e 468 resoltas.
- Biblioteca Intercentros do Campus de Lugo: 1.908 consultas demandas e 1.792 resoltas
- Biblioteca de Xornalismo: 20 consultas demandadas e resoltas
- Biblioteca de Maxisterio: 12 consultas demandadas e 11 resoltas
- Biblioteca do ICE: 168 consultas demandadas e 160 resoltas

Canto da **formación de usuarios**, leváronse a cabo as sesións habituais de presentación dirixidas ós alumnos.

A Biblioteca Intercentros de Filosofía, CC. da Educación e Psicoloxía continuou a colaboración co Departamento de Métodos da Facultade de Ciencias da Educación, para impartir cursos específicos a grupos de alumnos. Tamén houbo participación do persoal desta Biblioteca no Master de Asesoramento e Orientación Familiar, do Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación.

Durante o ano 2002 o servicio de **préstamo interbibliotecario** que ata o momento viña realizándose en dous puntos de servicio (a Biblioteca da Facultade de Medicina para os usuarios desta Facultade e a Biblioteca Xeral para tódolos outros usuarios) pasou a funcionar nun único punto de servicio na Biblioteca Xeral.

Ó longo do ano realizáronse 18.842 transaccións de solicitudes de documentos, o que supón unha diminución do 19.99% respecto de 2001. A demanda de documentos das coleccións da BUSC por outras Bibliotecas, fundamentalmente Bibliotecas Rebiun, diminuíu nun 7.28% : 10.595 documentos. O número de solicitudes feitas por usuarios da BUSC a outras Bibliotecas presenta tamén unha liña descendente: 8.274 documentos (31.75% menos que no ano 2001).

Nos seguintes cadros poden verse os datos estatísticos do ano 2002:

Documentos obtidos de centros externos

	copias	préstamos	TOTAIS
Solicitudes recibidas	7.365	909	8.247
Solicitudes non cursadas ou canceladas	613	80	693
Documentos solicitados	7.225	897	8.122
Documentos obtidos	6.233	769	7.002
Documentos non obtidos	363	44	407
Solicitudes en trámite	156	16	172

As solicitudes non cursadas ou canceladas non foron tramitadas por non encontrarse os documentos en España e non desexar os usuarios que se demandasen ó estranxeiro, ou ben foron tramitadas e posteriormente canceladas por se-los datos de referencia erróneos ou incompletos.

Documentos servidos a centros externos

	copias	préstamos	TOTAIS
Documentos solicitados	8.523	2.072	10.585
Documentos subministrados	7.568	1.725	9.293
Documentos non subministrados	904	325	1.229
Solicitudes canceladas	42	22	64
Solicitudes en trámite	9	0	9

Os documentos non subministrados corresponden a números de revistas que faltan nas coleccións da BUSC no caso das copias, e fondos excluídos de préstamo no caso das solicitudes de préstamo.

En relación á ubicación das coleccións con maior demanda (tanto de centros externos coma dos usuarios propios da USC), un ano máis os centros con maior demanda son as Bibliotecas da área de ciencias da saúde (Medicina 18.51% e Farmacia 13.27%), seguidas pola área de ciencias.

Documentos subministrados por Bibliotecas da USC

	Centros externos	Usuarios da USC	Universidade de Vigo	Totais
B. Xeral	929		129	1.058
Bioloxía	667	595	52	1.314
CC. Económicas	536	488	32	1.056
Dereito, Políticas, Rel. Laborais	476	45	13	534
Farmacía	1.106	687	128	1.921
Filoxía	985	62	26	1.073
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	910	86	63	1.059
Física e Óptica	264	53	32	349
Xeografía e Historia	437		29	466
Matemáticas	424	28	49	501
Medicina	960	1.646	74	2.680
Química	1.118	386	144	1.648
Xornalismo	35	5		40
B. Intercentros Lugo	429	267	62	758
Maxisterio	17	1		18
TOTAIS	9.293	4.349	833	14.475

A procedencia das solicitudes dos usuarios da USC pode verse no gráfico seguinte:

Documentos solicitados por usuarios da USC	
B. Xeral	355
Bioloxía	452
CC. Económicas	181
Dereito, Políticas, Rel. Laborais	71
Farmacía	903
Filoxía	352
Filosofía, CC. Educación, Psicoloxía	696
Física e Óptica	377
Xeografía e Historia	208
Matemáticas	55
Medicina	1.443
Química	335
Xornalismo	40
B. Intercentros Lugo	1.164
Institutos de investigación	75
TOTAIS USC	6.707

Estas solicitudes, seguindo a tendencia dos anos anteriores, mostran unha grande dispersión de títulos. Soamente 21 títulos tiveron máis de 15 demandas de usuarios diferentes.

REDES E COOPERACIÓN

En novembro de 2001 quedou plenamente constituído o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia polo que durante 2002 a BUSC continuou colaborando co mesmo. A Dirección da BUSC forma parte da Comisión Técnica do Consorcio e participou no tribunal avaliador para a contratación do persoal do mesmo, e as Subdireccións Técnica e de Coordinación e a Xefatura da Sección de Servizos da BUSC participaron en diversas reunións de traballo sobre renovación das bases de datos, presentación e avaliación de novos produtos e servizos, e formación do persoal en diferentes bases de datos e plataformas.

Como se sinalaba na presentación desta Memoria, en 2002 comezou o Proxecto de Dixitalización e Conservación do Patrimonio Bibliográfico do Fondo Antigo da Biblioteca Universitaria de Santiago, en virtude do convenio de colaboración entre a Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela, asinado en maio. O proxecto ten unha duración máxima dun ano e o seu obxecto é a dixitalización dos impresos galegos de autor galego ou de temática galega a partir do século XVI e ata o século XIX, e unha selección dos manuscritos galegos do fondo histórico conservados na Biblioteca Xeral da Universidade, con vistas á súa utilización tanto na BUSC como na futura Biblioteca da Cidade da Cultura de Galicia. A 31 de decembro de 2002 estaba dixitalizado o 38% dos fondos obxecto do proxecto.

Por terceiro ano consecutivo, o Vicerrectorado de Extensión Cultural e Servizos á Comunidade Universitaria solicitou á Biblioteca a participación nun curso de xestión informatizada de bibliotecas, enmarcado no acordo de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación Superior da República de Cuba en materia cultural de ensinanza universitaria. O curso, que contou coa participación de persoal da área de bibliotecas das tres universidades galegas, desenvolveuse no mes de novembro na Universidad Central de Las Villas. Pola parte da BUSC os profesores encargados de impartilo foron a Directora da Biblioteca da Facultade de Farmacia Dña. Ana González da Costa, a Directora da Biblioteca da Facultade de Matemáticas Dña. Rosa Bassave Roibal e o Xefe do Negociado de Fotodocumentación da Biblioteca Xeral D. Francisco Javier del Valle-Inclán Alsina.

Como membro de Rebiun, a Biblioteca continuou a súa cooperación nos Grupos de Traballo dos que forma parte, Grupo de Acceso ó Documento e Grupo de Patrimonio, así como no Proxecto CAR, emanado da Comisión Executiva de Rebiun, sobre a adquisición cooperativa.

Igual que en anos anteriores, a Biblioteca Xeral organizou, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, adicado nesta ocasión a Frei Martín Sarmiento, unha mostra bibliográfica durante os días 20 a 31 de maio no Claustro Alto do Colexio de Fonseca.

Con motivo da celebración do VI Congreso Internacional de Emblemática, organizado pola Society for Emblem Studies e o Departamento de Filoloxía Española e Latina da Universidade da Coruña os días 10 a 14 de setembro de 2002, a BUSC participou na organización e aportou as obras para a exposición sobre emblemática que se celebrou nesas mesmas datas no Claustro Alto do Colexio de Fonseca.

Ademais, figuraron fondos da BUSC nas seguintes exposicións:

- “Los Arzobispos de Toledo y la Universidad Española”, organizada pola Universidad de Castilla-La Mancha, en Toledo, 4 de marzo- 4 de junio de 2002.
- “Vida y Obra de don Inocente Hervás y Buendía”, organizada polo Ayuntamiento de Torralba de Calatrava (Ciudad Real) celebrada en Torralba de Calatrava, durante os días 10-21 de setembro de 2002.
- “Rande, 1702: arde o mar”, organizada polo Museo do Mar de Galicia, en Alcabre, Vigo, 24 de xullo - 8 de novembro de 2002.
- “Ollada sobre o Sáhara”, Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela, xullo de 2002.
- “Historia de los Métodos de Enseñanza del Alemán en España”, Federación de Asociaciones de Germanistas de España, Santiago de Compostela, 26-28 de setembro de 2002.
- “Materiales de Enseñanza del Alemán en España”, Instituto Alemán, Madrid, 1-30 de novembro de 2002.
- “Pintura y Poesía, el Amor y la Guerra en el Renacimiento”, organizada pola Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales y la Subdirección General de Promoción de las Bellas Artes del Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Madrid, 26 de novembro – 26 de xaneiro de 2003.

Para reprodución, a BUSC cedeu en préstamo as seguintes obras:

Sarmiento, Martín (1695-1772)

Catálogo de algunos libros curiosos y selectos para la librería de algún particular que desee comprar de tres a quatro mil tomos. Madrid, 1787.

Fregoso, Antonio Fileremo

Opera nova del Cavalier fregoso Antonio phileremo. Lamento d’amore mendicante. Dialogo de musica. Pergoletta de le laudi d’Amore. Discorsi cottidiani no uolgari. De l’instinto naturale. De la probita. De i tre peregrini. Vinegia, 1528.

Soto, Domingo

Reverendi Patris Dominici Soto... confessionibus super octo libros Physicorum Aristotelis... Salmanticae, 1555.

A Biblioteca Universitaria colaborou coa Televisión de Galicia para a realización dun documental para o programa “Encontros” sobre Gumersindo Busto, fundador da Biblioteca América.

En novembro de 2002, a BUSC, cedeu parte das instalacións da Biblioteca Xeral no Colexio de Fonseca, durante unha semana, para a rodaxe do telefilme “Sara” , produción da Televisión de Galicia e TV3 de Cataluña e levada a cabo por Alea TV (Barcelona) e Ignacio Benedeti Cinema (A Coruña).

**Anexo estatístico
2002**

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela
Datos estadísticos do ano 2002

	B.Xeral	Bioloxía	Económicas	Intercen. Der., Pol. Rel. Lab.	Dereito	Políticas
1. Presupuesto						
1.1. Presupuesto ordinario Biblioteca "Adquisición libros"						
1.1.1. Libros alumnos	0,00	4.015,65	8.651,95		9.345,94	4.080,53
1.1.2. Remanente 2001 libros alumnos	0,00	0,00	6,90		0,00	
1.1.3. Total (1.1.1 + 1.1.2)	0,00	4.015,65	8.658,85	0,00	9.345,94	4.080,53
1.1.4. Libros investigación	119.111,98	17.372,46	28.965,25		23.071,45	19.922,59
1.1.5. Remanente 2001 libros investigación	0,00	0,00	93,60		1.373,42	133,76
1.1.6 Total (1.1.4 + 1.1.5)	119.111,98	17.372,46	29.058,85	0,00	24.444,87	20.056,35
Total Presupuesto adquisición libros (1.1.3 + 1.1.6)	119.111,98	21.388,11	37.717,70	0,00	33.790,81	24.136,88
1.2. Presupuesto facturado "Adquisición libros"						
1.2.1. Libros alumnos	0,00	4.818,88	8.691,54		9.345,94	4.080,53
1.2.2. Libros investigación	119.111,98	16.516,67	29.011,47		23.909,65	19.922,59
1.2.3. Total (1.2.1 + 1.2.2)	119.111,98	21.335,55	37.703,01	0,00	33.255,59	24.003,12
1.3. Presupuesto contraído a 31/12/2002 "Adquisición libros"						
1.3.1. Libros alumnos		0,00			2.577,52	800,35
1.3.2. Libros investigación	5.970,01	84,19			3.966,31	1.748,46
1.3.3. Total (1.3.1 + 1.3.2)	5.970,01	84,19	0,00	0,00	6.543,83	2.548,81
1.4. Presupuesto estimado en obras non recibidas						
1.4.1. Custo aproximado das obras solicitadas e non recibidas a 31/12/2002		1.865,47			4.500,00	1.500,00
Remanente ano 2002 libros alumnos	0,00	-803,23	-32,69	0,00	0,00	0,00
Remanente ano 2002 libros investigación	0,00	855,79	47,38	0,00	535,22	133,76
Remanente ano 2002 "Adquisición libros"	0,00	52,56	14,69	0,00	535,22	133,76
Remanente ano 2002 descontado contraído	-5.970,01	-31,63	14,69	0,00	-6.008,61	-2.415,05
1.5. Aportacións económicas adquisicións bibliográficas Departamentos e						
1.5.1. Cantidade total aportada en 2002		1.003,98	3.591,97		68.111,84	
1.5.2. Facturado en adquisición monografías		770,15	905,46		36.777,07	
1.5.3. Facturado en adquisición publicacións periódicas		233,83	2.686,51		12.740,10	
1.5.4. Total Facturado (1.5.2 + 1.5.3)	0,00	1.003,98	3.591,97	0,00	49.517,17	0,00
1.5.5. Remanente 2002	0,00	0,00	0,00	0,00	18.594,67	0,00
1.6. Aportacións económicas adquisicións bibliográficas Centros						
1.6.1. Cantidade total aportada en 2002		0,00	4.709,88			4.427,82
1.6.2. Facturado en adquisición monografías		0,00	0,00			
1.6.3. Facturado en adquisición publicacións periódicas		0,00	4.709,88			4.427,82
1.6.4. Total Facturado (1.6.2 + 1.6.3)	0,00	0,00	4.709,88	0,00	0,00	4.427,82
1.6.5. Remanente 2002	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
1.7. Outros ingresos adquisicións bibliográficas (rappel, institucións....)						
1.7.1. Rappel		186,08				
1.7.2. Aportacións económicas Asociacións, Fundacións, etc.						
1.7.3. Total (1.7.1 + 1.7.2)	0,00	186,08	0,00	0,00	0,00	0,00

Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela
Datos estadísticos do ano 2002

	Rel. Laborais	Farmacia	Filoloxía	Inter. Fil., CC.Edu., Psi.	Filosofía	CC. Educación
1. Presuposto						
1.1. Presuposto ordinario Biblioteca "Adquisición libros"						
1.1.1. Libros alumnos	3.101,99	5.430,23	5.663,39		1.247,57	3.968,34
1.1.2. Remanente 2001 libros alumnos		0,00			0,00	0,00
1.1.3. Total (1.1.1 + 1.1.2)	3.101,99	5.430,23	5.663,39		1.247,57	3.968,34
1.1.4. Libros investigación	5.760,83	12.728,45	41.080,35		23.570,73	20.833,80
1.1.5. Remanente 2001 libros investigación	189,84	4,36			228,56	327,80
1.1.6 Total (1.1.4 + 1.1.5)	5.950,67	12.732,81	41.080,35		23.799,29	21.161,60
Total Presuposto adquisición libros (1.1.3 + 1.1.6)	9.052,66	18.163,04	46.743,74		25.046,86	25.129,94
1.2. Presuposto facturado "Adquisición libros"						
1.2.1. Libros alumnos	3.101,99	5.430,23	5.663,39		1.247,57	3.968,34
1.2.2. Libros investigación	5.908,61	12.728,45	41.080,35		23.563,73	21.161,60
1.2.3. Total (1.2.1 + 1.2.2)	9.010,60	18.158,68	46.743,74		24.811,30	25.129,94
1.3. Presuposto contraído a 31/12/2002 "Adquisición libros"						
1.3.1. Libros alumnos	384,00	569,00	427,97		258,08	0,00
1.3.2. Libros investigación	180,25	1.381,07	12.616,03		1.354,90	4.254,15
1.3.3. Total (1.3.1 + 1.3.2)	564,25	1.950,07	13.044,00		1.612,98	4.254,15
1.4. Presuposto estimado en obras non recibidas						
1.4.1. Custo aproximado das obras solicitadas e non recibidas a 31/12/2002	200,00	1.750,00	50.500,00		4.935,44	2.594,00
Remanente ano 2002 libros alumnos	0,00	0,00	0,00		0,00	0,00
Remanente ano 2002 libros investigación	42,06	4,36	0,00		235,56	0,00
Remanente ano 2002 "Adquisición libros"	42,06	4,36	0,00		235,56	0,00
Remanente ano 2002 descontado contraído	-522,19	-1.945,71	-13.044,00		-1.377,42	-4.254,15
1.5. Aportacións económicas adquisicións bibliográficas Departamentos e						
1.5.1. Cantidade total aportada en 2002		366,00	65.451,16		2.587,03	1.668,31
1.5.2. Facturado en adquisición monografías		366,00	37.089,87		2.367,69	445,84
1.5.3. Facturado en adquisición publicacións periódicas			28.361,29		219,34	1.222,47
1.5.4. Total Facturado (1.5.2 + 1.5.3)	0,00	366,00	65.451,16		2.587,03	1.668,31
1.5.5. Remanente 2002	0,00	0,00	0,00		0,00	0,00
1.6. Aportacións económicas adquisicións bibliográficas Centros						
1.6.1. Cantidade total aportada en 2002	842,17		36.070,00		0,00	0,00
1.6.2. Facturado en adquisición monografías			27.266,65		0,00	0,00
1.6.3. Facturado en adquisición publicacións periódicas	842,17		579,37		0,00	0,00
1.6.4. Total Facturado (1.6.2 + 1.6.3)	842,17	0,00	27.846,02		0,00	0,00
1.6.5. Remanente 2002	0,00	0,00	8.223,98		0,00	0,00
1.7. Outros ingresos adquisicións bibliográficas (rappel, institucións....)						
1.7.1. Rappel					600,10	600,10
1.7.2. Aportacións económicas Asociacións, Fundacións, etc.					0,00	0,00
1.7.3. Total (1.7.1 + 1.7.2)	0,00	0,00	0,00		600,10	600,10

